

Este proxecto propón a adecuación e mellora viaria da AC-960 no lugar de Rodiño (parroquia de Sergude), no municipio de Boqueixón (A Coruña), entre os puntos quilométricos 4+040 ao 6+040; son os motivos, as razóns e a necesidade desta actuación que neste tramo atopamos unha vía en que, nos últimos anos, se produciu un número de accidentes moi elevado. Localízanse curvas, cuxas características xeométricas, en canto á sección transversal, non son as adecuadas; existen zonas de concentracións de poboación e a calzada ten un largo moi estriado e sen beiravía, o que xera, aínda estando a velocidade limitada, situacións non desexables na circulación. Así mesmo, o proxecto considera a reformulación de cruzamentos, pois os existentes son mellorables para a seguranza viaria.

De conformidade co artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, a aprobación dos proxectos de estradas de titularidade autonómica implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.

Os bens e dereitos en que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no proxecto técnico e a xustificación da urxencia de ocupación dos bens e dereitos precisos para a execución do proxecto de mellora de seguranza viaria en Rodiño (Boqueixón), p.k. 4+040 ao 6+040 na AC-960 (clave AC.08.039.06), vén motivada, polo tanto, pola súa incidencia na seguranza viaria, evitando riscos innecesarios.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día vinte e dous de outubro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos que se concretan no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución da actuación de mellora de seguranza viaria en Rodiño (Boqueixón), p.k. 4+040 ao 6+040 na AC-960 (clave AC.08.039.06).

Ourense, vinte e dous de outubro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Orde do 26 de outubro de 2009 pola que se amplían os prazos de execución e presentación da xustificación previstos pola Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para o ano 2009 do réxime de concesión de subvencións a empresas que realicen investimentos encamiñados á prevención e redución da contaminación a través de melloras tecnolóxicas aplicadas a procesos, cambios nas materias primas e/ou produtos, así como á reutilización ou valorización non enerxética.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, mediante a Orde do 27 de febreiro de 2009 (DOG número 50, do 12 de marzo), aprobou as bases reguladoras e convocou, para o ano 2009, o procedemento de concesión de subvencións para a realización de investimentos encamiñados á prevención e redución da contaminación a través de melloras tecnolóxicas aplicadas a procesos, cambios nas materias primas e/ou produtos, así como á reutilización ou valorización non enerxética.

O artigo 1, punto 3º, da dita orde dispón que serán susceptibles de subvención as actuacións comezadas a partir do 3 de novembro de 2008 e que poden rematar no ano 2009 ou no vindeiro 2010, debendo as primeiras estar executadas na súa totalidade ou, polo menos, nalgunha fase antes do 31 de outubro de 2009, e as plurianuais para desenvolver durante o ano 2010, antes do 31 de outubro de 2010.

En canto á acreditación dos traballos realizados, o artigo 15 establece que a dita xustificación deberá ser presentada antes do 31 de outubro de 2009, para as actuacións obxecto de subvención no ano 2009.

Como consecuencia da dilatación do procedemento de concesión, resulta necesario ampliar o citado prazo co fin de que non se vexa frustrada a medida de fomento considerada pola citada orde nesta anualidade 2009.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, en relación cos artigos 27.30º e 30 do Estatuto de autonomía para Galicia e o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

DISPOÑO:

Artigo único.-Ampliación de prazos.

Primeiro.-Amplíase, ata o 9 de decembro de 2009, o prazo establecido polo artigo 1, punto 3º, da Orde do 27 de febreiro de 2009, para a execución, na súa totalidade ou, polo menos, nalgunha fase, das actuacións subvencionables en 2009.

Segundo.-Amplíase, ata o 9 de decembro de 2009, o prazo previsto polo artigo 15, punto 1º, da Orde do

27 de febreiro de 2009, para presentación da documentación acreditativa da realización dos traballos subvencionables con cargo á anualidade 2009.

Disposición derradeira

Única.-*Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e
Infraestruturas

Orde do 26 de outubro de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación da xustificación previsto pola Orde do 2 de xaneiro de 2009 pola que se convoca e se regula, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de axudas destinadas a proxectos de mellora da xestión ambiental dos subprodutos das explotacións gandeiras non porcinas en Galicia para o ano 2009.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, mediante a Orde do 2 de xaneiro de 2009 (DOG número 7, do 12 de xaneiro), aprobou as bases reguladoras e a convocatoria da concesión de axudas destinadas a proxectos de mellora da xestión ambiental dos subprodutos das explotacións gandeiras, non porcinas, en Galicia para o ano 2009, prevíndose a posibilidade da súa concesión a proxectos de execución plurianual, conforme o disposto polo seu artigo 2, punto 4º.

O artigo 16 da dita orde, relativo á xustificación e pagamento das axudas, establece no seu punto 2º, que a xustificación do gasto dos investimentos subvencionables e adxudicados realizarase ata o 15 de novembro do ano para o que se aprobou a finalización da execución da obra proposta.

Como consecuencia da dilatación do procedemento de concesión, resulta necesario ampliar o citado prazo a fin de que non se vexa frustrada a medida de fomento considerada pola citada orde nesta anualidade 2009.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, en relación cos artigos 27.30º e 30 do Estatuto de autonomía para Galicia e o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Amplíase, ata o 9 de decembro de 2009, o prazo establecido polo artigo 16.2º da Orde

do 2 de xaneiro de 2009, para a xustificación do gasto dos investimentos subvencionables e adxudicados no ano 2009.

Disposición derradeira

Única.-*Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

Resolución do 6 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 12 de xaneiro de 2009 destinadas a entidades locais de Galicia para o transporte de residuos sólidos urbanos ás estacións de transferencia de residuos ou plantas de xestión.

De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 78.8º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese mediante esta orde á publicación do extracto das axudas outorgadas pola Consellería de Medio Ambiente ao abeiro da Orde do 12 de xaneiro de 2009, destinadas a entidades locais de Galicia para o transporte de residuos sólidos urbanos ás estacións de transferencia de residuos ou plantas de xestión.

Deste xeito, cómpre sinalar, polo que atinxe ás axudas concedidas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o período comprendido entre o 1 de novembro de 2008 e o 31 de outubro de 2009, o seguinte:

a) Norma reguladora da convocatoria: Orde do 12 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública unha nova convocatoria de axudas destinadas a entidades locais de Galicia para o transporte de residuos sólidos urbanos ás estacións de transferencia de residuos ou plantas de xestión (DOG nº 13, do 20 de xaneiro de 2009).

b) Aplicación orzamentaria: 15.03.541D.760.0.

c) Crédito orzamentario:

-600.000 € con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

d) Finalidade da axuda: contribuír a abaratar os custos de transporte que teñen que sufragar as enti-